

**O DISCURSO PRELIMINAR E O CAPÍTULO 1º DO
TRATADO ELEMENTAL DE QUÍMICA, DE
ANTOINE LAURENT LAVOISIER (1789)**

FREIRE PAIS, Xosé Anxo
IES de Caheiras - TEO

No XVII Congreso de ENCIGA abordamos o *Método de Nomenclatura Química* de Morveau, Fourcroy, Berthollet e Lavoisier, de 1787, que foi un dos primeiros pasos máis importantes para que a Química moderna adquirise o estatus de Ciencia, ó mesmo nivel da Física e da Bioloxía.; quedei en continuar coas aportacións de Lavoisier á reforma da química, non só na súa linguaxe, senón tamén na metodoloxía de traballo da nacente ciencia, e as primeiras nocións asentadas, que el mesmo recoñece «non serán para nada definitivas, senón as bases para os novos descubrimentos e avance desta ciencia».

Falando co presidente de ENCIGA sobre a importancia que supuxo, para a historia da química, a publicación do libro de A.L. Lavoisier *Tratado Elemental de Química*, no 1789, que foi traducido a varios idiomas dentro do mesmo ano de publicación, chegamos á conclusión da importancia que supoñería, para tódolos membros de ENCIGA, e especialmente para os químicos, o poder dispoñer dunha tradución á nosa lingua desta importante obra. Como son moitas páxinas para poder facelo nunha única entrega, decidimos que eu iría traducindo capítulo a capítulo, para seren publicados nos sucesivos números do «Boletín das Ciencias». Presentando agora o «Discurso Preliminar» e máis-lo «Capítulo Primeiro». Que non cabe neste resumo, pero que sí vai completo no CDROM do XIX Congreso, e que servirá para que os interesados o poidan consultar directamente ou facer unha copia impresa.

A tradución desta obra non é directamente dende o francés, nin da edición orixinal de 1789, senón da edición desta obra en Clásicos Alfaguara, 1982, traducida ó castelán por Ramón Gago Bohorquez; nin pretende competir coa que teñen pensado iniciar no Departamento de Química Inorgánica da USC, que será traducida directamente e dende a primeira edición do francés, polo que necesitan da colaboración de expertos en francés do S. XVIII.

TÍTULO ORIXINAL: *Traité élémentaire de chimie*
TRADUCCIÓN Ó CASTELÁN: Ramón Gago Bohorquez
EDICIONES ALFAGUARA- COL: CLÁSICOS ALFAGUARA
I.S.B.N.: 84-204-0210-9
D.L. : M. 9708- 1982